

CMUS Profesional de Viveiro



CONCELLO DE VIVEIRO

Conservatorio Profesional
de Música de Viveiro



PROGRAMACIÓN

FRAUTA TRAVESEIRA

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	6
1. METODOLOXÍA.....	7
2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	8
3. TEMAS TRANSVERSAIS	9
3.1. EDUCACIÓN EN VALORES.....	9
3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S).....	10
4. ACTIVIDADES CULTURAI E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS	11
5. SECUENCIACIÓN DO CURSO.....	12
5.1. ► CURSO: 1º DE GRAO ELEMENTAL.....	12
5.1.1. <i>Obxectivos</i>	12
5.1.2. <i>Contidos</i>	12
5.1.3. <i>Avaliación</i>	12
5.1.4. <i>Medidas de recuperación</i>	14
5.1.5. <i>Recursos didácticos</i>	15
5.2. ► CURSO: 2º DE GRAO ELEMENTAL.....	16
5.2.1. <i>Obxectivos</i>	16
5.2.2. <i>Contidos</i>	16
5.2.3. <i>Avaliación</i>	16
5.2.4. <i>Medidas de recuperación</i>	18
5.2.5. <i>Recursos didácticos</i>	19
5.3. ► CURSO: 3º DE GRAO ELEMENTAL.....	20
5.3.1. <i>Obxectivos</i>	20
5.3.2. <i>Contidos</i>	20
5.3.3. <i>Avaliación</i>	20
5.3.4. <i>Medidas de recuperación</i>	22

5.3.5.	<i>Recursos didácticos</i>	23
5.4.	▶ CURSO: 4º DE GRAO ELEMENTAL.....	24
5.4.1.	<i>Obxectivos</i>	24
5.4.2.	<i>Contidos</i>	24
5.4.3.	<i>Avaliación</i>	24
5.4.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	26
5.4.5.	<i>Recursos didácticos</i>	27
5.5.	▶ CURSO: 1º DE GRAO PROFESIONAL	29
5.5.1.	<i>Obxectivos</i>	29
5.5.2.	<i>Contidos</i>	29
5.5.3.	<i>Avaliación</i>	29
5.5.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	31
5.5.5.	<i>Recursos didácticos</i>	32
5.6.	▶ CURSO: 2º DE GRAO PROFESIONAL	34
5.6.1.	<i>Obxectivos</i>	34
5.6.2.	<i>Contidos</i>	34
5.6.3.	<i>Avaliación</i>	35
5.6.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	37
5.6.5.	<i>Recursos didácticos</i>	37
5.7.	▶ CURSO: 3º DE GRAO PROFESIONAL	39
5.7.1.	<i>Obxectivos</i>	39
5.7.2.	<i>Contidos</i>	39
5.7.3.	<i>Avaliación</i>	40
5.7.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	42
5.7.5.	<i>Recursos didácticos</i>	42
5.8.	▶ CURSO: 4º DE GRAO PROFESIONAL	44
5.8.1.	<i>Obxectivos</i>	44

5.8.2.	<i>Contidos</i>	44
5.8.3.	<i>Avaliación</i>	45
5.8.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	47
5.8.5.	<i>Recursos didácticos</i>	47
5.9.	➤ CURSO: 5º DE GRAO PROFESIONAL	49
5.9.1.	<i>Obxectivos</i>	49
5.9.2.	<i>Contidos</i>	49
5.9.3.	<i>Avaliación</i>	50
5.9.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	52
5.9.5.	<i>Recursos didácticos</i>	53
5.10.	➤ CURSO: 6º DE GRAO PROFESIONAL	54
5.10.1.	<i>Obxectivos</i>	54
5.10.2.	<i>Contidos</i>	54
5.10.3.	<i>Avaliación</i>	55
5.10.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	57
5.10.5.	<i>Recursos didácticos</i>	58
6.	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	59
7.	PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	60
8.	ANEXOS	61
8.1.	CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO.....	61
8.2.	PROBAS DE ACCESO.....	62
	➤ PROBAS DE ACCESO A 2º CURSO DE G. E.	62
	➤ PROBAS DE ACCESO A 3º CURSO DE G. E.	64
	➤ PROBAS DE ACCESO A 4º CURSO DE G. E.	66
	➤ PROBAS DE ACCESO A 1º CURSO DE G. P.	68
	➤ PROBAS DE ACCESO A 2º CURSO DE G. P.	70
	➤ PROBAS DE ACCESO A 3º CURSO DE G. P.	71

➤	PROBAS DE ACCESO A 4º CURSO DE G. P.	72
➤	PROBAS DE ACCESO A 5º CURSO DE G. P.	73
➤	PROBAS DE ACCESO A 6º CURSO DE G. P.	74

INTRODUCCIÓN

As ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ten por finalidade promocionalle ao alumnado unha formación artística de calidade, así como a de garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no seu artigo 6.2 atribúe ao Goberno fixar as ensinanzas mínimas, que constitúen os aspectos básicos do currículo, co fin de garantir unha formación común a todos os alumnos e a validez dos títulos correspondentes. Así mesmo, o artigo 6.4 determina que as administracións educativas competentes establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas pola mesma, que deberá incluír os aspectos básicos relativos aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas.

O Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola LOE.

O Decreto 198/2007, do 27 de setembro, establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, e o seu currículo para o ámbito de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade das ensinanzas profesionais de música é a de proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A presente programación será o documento que recolla as principais liñas de actuación que rexen o proceso educativo da especialidade instrumental de frauta traveseira no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro.

1. METODOLOXÍA

Os principios metodolóxicos xerais terán como base aqueles que se estableceron dacordo co principio de globalización e interdisciplinaridade (linguaxe musical e educación auditiva e vogal). Para planificar e desenvolver este curso teranse en conta o nivel de coñecementos previos do alumno. Deste modo axustarase a práctica diarias ás características, peculiaridades e necesidades do alumno.

A metodoloxía a utilizar vai ser:

- Activa: que asegure a participación do alumno no proceso de ensinanza-aprendizaxe, baseando o seu avance na busca do coñecemento.
- Flexible.
- Personalizada: Que adecue ás capacidades intelectuais, físicas e ao ritmo evolutivo de cada alumno, que atenda á pluralidade de necesidades e intereses.
- Autónoma e participativa: que favoreza a capacidade de aprender por si mesmos e de realizar actividades en grupo. Fará fincapé na competencia “aprender a aprender” como aspecto imprescindible para os estudos musicais.
- Favorecerá unha aprendizaxe significativa e interdisciplinar, non en bloques estancos.
- Fomentará a autonomía crecente do alumnado.
- Primará a idea de que o feito de tocar en público é un acto de xenerosidade, é compartir e non competir con alguén, é comunicar e non imponer, é unha linguaxe e non unha demostración de facultades.

2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ante o caso dun alumno con necesidades educativas especiais podemos recorrer a diferentes medidas e respostas para atender á diversidade que ocasione. En primeiro lugar debemos ter claro que os centros escolares deben permitir a integración funcional, social e física do alumno. As medidas poden necesitar unha dotación de recursos extraordinarios que se clasifican en medios persoais (profesores de apoio, tradutores, especialistas...), medidas ambientais e materiais e medios de acceso físico. Ademais pode existir a necesidade dunha adecuación curricular. Esta pode basearse nunha medida de reforzo educativo que pode ter cabida no conservatorio, ben interno ou externo ao centro ou nunha atención curricular individualizada (ACI), que só se realizará cando se poida prever que o problema é transitorio e que o alumno alcanzará un desenvolvemento normal nun tempo estimado, xa que non se permite rebaixar o nivel dos obxectivos de cada curso.

A vía para o tratamento da diversidade é a adaptación curricular. Conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presenten na aula, o profesor poderá expor as seguintes estratexias:

- Adaptación do material didáctico.
- Variacións na metodoloxía, para adaptala ás necesidades de cada alumno.
- Actividades de traballo diferenciadas. O profesor faría unha análise dos contidos da materia e prepararía actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
- Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
- Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose individualmente ao alumno.

A adaptación de obxectivos e contidos terá que respectar os mínimos exixibles fixados na programación.

3. TEMAS TRANSVERSAIS

3.1. EDUCACIÓN EN VALORES

O desenvolvemento integral do alumno non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar aos alumnos para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade implica.

Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como temas transversais.

A forma na que entendemos o tratamento destes temas transversais fica reflectida nos obxectivos seguintes:

- Educación para a paz.
 - Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.
- Educación moral e cívica.
 - Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.
 - O respecto pola autonomía dos demais.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
 - Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
 - Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuizos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- Educación para a saúde, (postural, auditiva).
 - Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.
- Educación para o consumidor.
 - Crear unha conciencia de consumidor responsábel que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

Desde a música, moitos destes temas poden tratarse propoñendo actividades que se desenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación dos alumnos e fomentan actitudes de convivencia.

Ademais, na música pódense tratar contidos relacionados directamente coa saúde (o uso adecuado do corpo á hora de tocar o instrumento precisa dun coñecemento e coidado do mesmo, especialmente ante problemas habituais na adolescencia. Tratar temas que relacionados directamente coa paz (o coñecemento da música de outras culturas aumenta o respecto cara estas, comprendendo que o mundo non é só a música e culturas occidentais, nin as súas visións). Tratar temas relacionados coa educación para o consumidor, onde se pode analizar o mercado musical, os prezos dos cd's, o pirateo, a vulneración dos dereitos de propiedade intelectual. Tratar o uso da música nas publicidades, nos grandes almacéns, así como o efecto que pode producir no consumidor, cara quen vai dirixido.

3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S)

Podemos facer a seguinte clasificación das TIC de utilidade para o proceso de ensino na materia:

- Medios Audiovisuais:
 - Cámara de vídeo, ordenador, reproductor de CD e DVD, TV, equipo informático de Gravación de audio, CDs e DVDs.
- Programas informáticos:
 - Prográmas de música de edición de partituras e Audio (Finale, Sibelius, Musescore...), ordenador e conexión a Internet.
- Medios para a comunicación:
 - Correo electrónico, teléfono e Whatsapp.
- O portal do centro para comunicación á comunidade escolar e ao alumnado da materia das actividades programadas, audicións, eventos, etc.

4. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSIANZAS

Unha actividade pedagóxica moderna non pode quedar reducida ao ámbito da aula, aínda sendo este o espazo central do proceso educativo. Este traballo pode verse complementado por outras tarefas realizadas noutros espazos do propio centro ou doutras entidades colaboradoras.

Estas actividades están orientadas a superar o marco tradicional das clases de instrumento, complementándoas con actividades o máis variadas posibles que poñan en contacto os nosos alumnos coa realidade musical nun senso máis amplo, permitíndolles conectar esta realidade coa sociedade e a cultura do noso tempo.

Para que estas actividades teñan o máximo proveito, deben relacionarse có proceso xeral de aprendizaxe en resposta a unha adecuada planificación.

Clasificación das actividades:

- Organizadas polo departamento:
 - Audicións de alumnos dos distintos profesores do departamento seguidas de comentarios colectivos de profesores e alumnos sobre as mesmas. Fomentarase a crítica construtiva e evítanse comentarios de mal gusto. O obxectivo será aprender colectivamente dos erros e das virtudes dos alumnos e ao mesmo tempo servirá como exemplo de colaboración entre os profesores do departamento para compartir ideas e achegar solucións conxuntas aos problemas que tiveron os alumnos nas súas actuacións.
 - Asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de musicais, concertos tanto dentro como fora do centro.
 - Cursos ou Master class organizados polo departamento de Vento madeira, co obxectivo de ter contacto con outros profesores e ver distintos puntos de vista de cómo afrontar e superar os problemas que poidan ter o executar fragmentos musicais.

Os alumnos e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para para incentivar ao alumnado a mellorar a súa educación, resaltaranse, ademais valores de respecto e convivencia entre outros.

5. SECUENCIACIÓN DO CURSO

5.1. ► CURSO: 1º DE GRAO ELEMENTAL

5.1.1. Obxectivos

- Identificar a frauta como instrumento de vento Madeira. Coñecer as súas partes e adoptar unhas medidas de uso e hixiene axeitadas
- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entrámbalas mans.
- Controlalo aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade no son.
- Emitir un son estable na tesitura empregada neste curso que abrangue as dúas primeiras oitavas.
- Desenvolver as capacidades auditivas e rítmicas que permitan interpretar estudos e obras co ritmo, articulación e fraseo axeitados.
- Interpretar pezas axeitadas ao nivel, tanto en clase como en público.
- Traballar en grupos de frautas e adquirir a capacidade de tocar e escoitar aos demais para acadar un perfecto axuste, dinámica e afinación.
- Adquirir hábitos de traballo colectivo: silencio, respecto, concentración, puntualidade.
- Introducirse no hábito de escoitar música de diferentes estilos do propio instrumento en diferentes formacións musicais.

5.1.2. Contidos

- Coñecemento do instrumento, montaxe, conservación e medidas de hixiene.
- Aprendizaxe da colocación correcta do corpo.
- Funcionamento do aparato respiratorio e a función que ten o mesmo á hora de tocar a frauta traveseira. Ensinanza dos mecanismos de inspiración e expiración do aire.
- Exercicios de técnica respiratoria, con e sen instrumento.
- Aprendizaxe e práctica dunha correcta embocadura.
- Emisión dun son estable sobre as dúas primeiras oitavas.
- Exercicios de sonoridade.
- Práctica das articulacións: picado e ligado.
- Práctica con metrónomo das escalas maiores ata dúas alteracións cos seus arpejos correspondentes utilizando diferentes articulacións.
- Práctica de conxunto de frautas co fin de desenrolar a afinación, axuste e precisión rítmica.
- Organización do tempo de estudo na casa: cantidade, calidade e distribución, coa finalidade de obter o máximo rendemento e aproveitamento do mesmo.

5.1.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Asimilar o concepto de frauta como instrumento de vento.
- Montar e desmontar a frauta e adquirir unhas correctas medidas de hixiene.

- Mostrar unha axeitada posición corporal e colocación das mans.
- Adquirir unha mínima calidade sonora nas dúas primeiras oitavas.
- Emitir un son estable sobre cada rexistro traballado.
- Utilizar a respiración diafragmática.
- Tocar ritmicamente e co fraseo e articulación axeitados.
- Valorar a capacidade do alumno para adaptar a afinación e precisión rítmica á dos outros compañeiros.
- Demostrar un senso de convivencia e colaboración entre compañeiros.
- Adquirir unha actitude, interese e predisposición pola materia e o traballo en conxunto.
- Interpretar en público como solistas ou en grupo obras representativas do seu nivel, con seguridade e control da situación.

Mínimos esixibles

Para superar o curso o alumno terá que:

- Montar e desmontar o instrumento correctamente, así como adoptar unhas básicas medidas de hixiene.
- Colocar correctamente as mans e mostrar unha correcta posición do corpo tanto de pe como sentado.
- Emitir un son estable sobre as dúas primeiras oitavas.
- Práctica con metrónomo das escalas maiores cos seus correspondentes arpejos ata dúas alteracións utilizando diferentes articulacións (ligado e picado).
- Tocar unha selección de exercicios, estudos ou cancións axeitadas segundo o nivel.
- Estudar ata a metade das leccións dalgún dos libros recollidos nos recursos didácticos.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo de avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo de avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo de avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación sería:

- Control periódico do grao de consecución dos obxectivos: realización de probas trimestrais, audicións, etc.
- Avaliaranse tódalas actividades nas que participe o alumno: clases individuais, colectivas,

audicións, concertos, etc.

- Observación sistemática e directa do alumno, a verbalización (intercambio de impresións) e a escoita do que o alumno realiza nas diferentes sesións da clase (técnica e interpretación).
- Valorarase o desenvolvemento de obxetivos, aprendizaxe de contidos, así como a actitude, motivación e participación do alumno.
- A todos aqueles alumnos que superen o número permitido de faltas de asistencia sen xustificar, aplicaráselles un procedemento avaliador distinto, pois terán perdido o dereito á avaliación contínua. Neste caso o profesor titor decidirá o procedemento de avaliación, (proba, audición ou exame) que considere oportuno.

Criterios de cualificación

Ponderarase da seguinte maneira para a cualificación dos alumnos:

- Nivel de cumprimento de cada un dos criterios de avaliación propostos para este curso. 30%
- Precisión técnica. 30%
- Interpretación (son, musicalidade, fraseo, interpretación) 30%
- Actitude, interese e comportamento 10%
- Os instrumentos para a avaliación son o método de observación e as fichas de rexistro do profesor.

5.1.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como os conceptos que se van adquirindo. As actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas aos contidos que estean pendentes de recuperación. A recuperación faise ao longo de todo o curso, reforzando as actividades naqueles puntos nos que o alumno presente maior dificultade, servindo deste modo a propia actividade como instrumento de avaliación.

Proba extraordinaria de xuño

Nos casos nos que a cualificación sexa inferior a cinco o alumno disporá doutra convocatoria no mes de xuño. Co fin de orientar aos alumnos que non superen o curso en maio, o profesor emitirá un informe cos obxetivos non acadados, e as actividades de reforzo e mellora que guíen aos alumnos que queiran facer o exame de xuño. Este exame será fixado pola dirección do centro; será convocado e comunicado coa debida antelación e consistirá nunha proba co profesor de instrumento e dous profesores máis do centro, amosando que alcanzou os obxectivos mínimos do curso.

Para a cualificación desta proba será o 100% segundo o cumprimento da programación e da interpretación das obras, e ponderarase da seguinte maneira:

- Precisión técnica (métodos e estudos) 50%
- Interpretación (son, musicalidade, fraseo, interpretación) 50%
- Os alumnos que superen este exame terán superado o curso académico no que se atopaban.

5.1.5. Recursos didácticos

- "Iniciación a la flauta". T. Wye Vol. I. Ed. Mundimúsica.
- Aprende tocando la flauta. P. Wastall - Ed. Mundimúsica.
- Escuela de la flauta Vol. 1. Marcial Picó. Ed. Orquesta de flautas de Madrid
- La flauta. Inicicación. Antonio Arias. Ed. Real Musical
- Escuchar, leer & tocar vol 1. Ed. DeHaske

5.2. ► CURSO: 2º DE GRAO ELEMENTAL

5.2.1. Obxectivos

- Afianzar os coñecementos adquiridos no 1º curso.
- Adoptar unha posición corporal axeitada e unha correcta colocación das mans que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento.
- Conseguir unha sonoridade nas tres oitavas do instrumento.
- Adquirir o concepto do matiz.
- Afianzar e practicar a respiración diafragmática.
- Desenrolar as capacidades auditivas e rítmicas que permitan interpretar estudos e obras co ritmo, articulación e fraseo axeitados.
- Traballar a autonomía no estudo a través de exercicios propostos comprendendo o resultado que se pretende acadar.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Traballar en grupos de frautas e adquirir a capacidade de tocar e escoitar aos demais para acadar un perfecto axuste, dinámica e afinación.
- Participar en audicións públicas.

5.2.2. Contidos

- Afianzamento dos conceptos adquiridos durante o primeiro curso.
- Coñecemento dos mecanismos que interveñen na respiración diafragmática e fortalecemento da columna de aire.
- Perfeccionamento da emisión do son sobre toda a extensión da frauta.
- Estudo das dinámicas f, p, <, >.
- Práctica de diferentes articulacións, (picado, ligado).
- Práctica con metrónomo de escalas Maiores e menores ata tres alteracións cos seus respectivos arpejos.
- Estudo de intervalos, segundas, terceiras e cuartas.
- Práctica de conxunto de frautas co fin de desenrolar a afinación, axuste e precisión rítmica.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Participación en audicións.

5.2.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación e a coordinación entrámbalas mans.
- Amosar un dominio mínimo do control do aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha mellora na correcta emisión, afinación articulación e flexibilidade do son.
- Adquirir unha mínima calidade sonora sobre a tesitura do instrumento emitindo un son estable sobre cada nota dos diferentes rexistros.
- Tocar rítmicamente e co fraseo e articulación axeitados.

- Práctica con metrónomo das escalas maiores e menores e cos seus correspondentes arpejos ata tres alteracións utilizando diferentes articulacións (picado e ligado).
- Valorar a capacidade do alumno para adaptar a afinación e precisión rítmica á dos outros músicos no seu traballo en común.
- Adquirir unha actitude, interese e predisposición pola materia e o traballo en conxunto.
- Interpretar en público como solista ou en grupo obras representativas do seu nivel, con seguridade e control da situación.

Mínimos esixibles

Para superar o curso o alumno terá que:

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a colocación do instrumento e a coordinación entrámbalas mans.
- Adquirir unha mínima calidade sonora sobre toda a tesitura do instrumento amosando un dominio mínimo do control do aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura.
- Tocar co metrónomo escalas maiores e menores cos seus correspondentes arpejos ata tres alteracións utilizando diferentes articulacións (picado e ligado).
- Tocar correctamente a metade dos exercicios, estudos e obras propostas polo profesor.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cada seu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación sería:

- Control periódico do grao de consecución dos obxectivos: realización de probas trimestrais, audicións, etc.
- Avaliaranse tódalas actividades nas que participe o alumno: clases individuais, colectivas, audicións, concertos, etc.
- Observación sistemática e directa do alumno, a verbalización (intercambio de impresións) e a escoita do que o alumno realiza nas diferentes sesións da clase (técnica e interpretación).
- Valorarase o desenvolvemento de obxectivos, aprendizaxe de contidos, así como a actitude, motivación e participación do alumno.
- A todos aqueles alumnos que superen o número permitido de faltas de asistencia sen

xustificar, aplicaráselles un procedemento avaliador distinto, pois terán perdido o dereito á avaliación contínua. Neste caso o profesor titor decidirá o procedemento de avaliación, (proba, audición ou exame) que considere oportuno.

Criterios de cualificación

Ponderarase da seguinte maneira para a cualificación dos alumnos:

- Nivel de cumprimento de cada un dos criterios de avaliación propostos para este curso. 30%
- Precisión técnica. 30%
- Interpretación (son, musicalidade, fraseo, interpretación) 30%
- Actitude, interese e comportamento 10%
- Os instrumentos para a avaliación son o método de observación e as fichas de rexistro do profesor.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O Alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado. O alumno poderá solicitar permiso para asistir como oínte ás clases do curso ao que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación.

O consello Escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

5.2.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como os conceptos que se van adquirindo. As actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas aos contidos que estean pendentes de recuperación. A recuperación faise ao longo de todo o curso, reforzando as actividades naqueles puntos nos que o alumno presente maior dificultade, servindo deste modo a propia actividade como instrumento de avaliación.

Probas extraordinarias de xuño

Nos casos nos que a cualificación sexa inferior a cinco o alumno disporá doutra convocatoria no mes de xuño. Co fin de orientar aos alumnos que non superen o curso en maio, o profesor emitirá un informe cos obxetivos non acadados, e as actividades de reforzo e mellora que guíen aos alumnos que queiran facer o exame de xuño. Este exame será fixado pola dirección do centro; será convocado e comunicado coa debida antelación e consistirá nunha proba co profesor de instrumento, amosando que alcanzou os obxectivos mínimos do curso.

Para a cualificación desta proba será o 100% segundo o cumprimento da programación e da interpretación das obras, e ponderarase da seguinte maneira:

- Precisión técnica (métodos e estudos) 50%
- Interpretación (son, musicalidade, fraseo, interpretación) 50%
- Os alumnos que superen este exame terán superado o curso académico no que se atopaban.

5.2.5. Recursos didácticos

- Iniciación a la flauta". T. Wye Vol. II. Ed. Mundimúsica.
- Escuela de la flauta Vol. 2. Marcial Picó. Ed. Orquesta de flautas de Madrid
- Escuchar, leer & tocar vol 2. Ed. DeHaske.
- Teroría y práctica de la flauta 1 Sonido. T. Wye. Ed. Mundimúsica.
- Teroría y práctica de la flauta 2 Técnica. T. Wye. Ed. Mundimúsica.
- Teroría y práctica de la flauta 3 Articulación. T. Wye. Ed. Mundimúsica.
- 30 estudios fáciles y progresivos (estudios do 15 ao 30). G. Gariboldi.
- Selected studies 1. Bantai-Kovacs (estudios do 15 ao 30).
- La Flauta clásica Vol 1. R. le Roy e H. Classens.
- That´s a Good tune para frauta e piano. Roy Mitchell.

5.3. ► CURSO: 3º DE GRAO ELEMENTAL

5.3.1. Obxectivos

- Afianzar os coñecementos adquiridos no 2º curso.
- Adoptar unha posición corporal axeitada e unha correcta colocación das mans que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento.
- Emitir un son estable sobre toda a tesitura do instrumento e empregalos diferentes matices para dar cor e expresión á interpretación musical.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Desenvolvelas capacidades auditivas e rítmicas que permitan interpretar estudos e obras co ritmo, articulación e fraseo axeitados.
- Interpretar tanto na clase como en público un repertorio básico integrado por obras, pezas ou cancións dunha dificultade acorde co nivel.
- Adquirir hábitos de traballo colectivo: silencio, respecto, concentración, puntualidade.
- Traballar en grupos de frautas e adquirir a capacidade de tocar e escoitar aos demais para acafar un perfecto axuste, dinámica e afinación.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber empregalos, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Desenvolvela capacidade de autocorrección no estudio individual.
- Desenvolvela creatividade, e a motivación para a música e a frauta en particular.
- Introducirse no hábito de escoitar música de diferentes estilos propios do instrumento e diferentes formacións musicais.

5.3.2. Contidos

- Afianzamento dos contidos adquiridos durante o segundo curso.
- Traballo da respiración, recordando o visto nos cursos anteriores e intentando adquirir unha maior autonomía.
- Estudo de novos tipos de articulación (staccato, picado-ligado, acentos).
- Práctica con metrónomo de escalas maiores e menores cos correspondentes arpejos ata catro alteracións utilizando diferentes articulacións e práctica das escalas cromáticas.
- Estudo de intervalos: segundas e terceiras.
- Traballo de diferentes dinámicas (ff, f, p, pp, <, >).
- Introducción no estudo de novas figuras: semicorcheas, fusas, corcheas con puntillo.
- Memorización e interpretación de textos musicais cun axeitado fraseo.
- Desenrolo da autonomía do estudo a través dos diferentes exercicios e obras programadas.
- Lectura a primeira vista de fragmentos sinxelos.
- Práctica de conxunto de frautas co fin de desenrolar a afinación, axuste e precisión rítmica.
- Participación en audicións

5.3.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Amosar un dominio mínimo do control do aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha mellora na correcta emisión, afinación e flexibilidade do son.
- Adquirir unha mínima calidade sonora sobre toda a tesitura do instrumento emitindo un son estable sobre cada nota dos diferentes rexistros.
- Tocar rítmicamente e co fraseo e articulación axeitados.
- Práctica con metrónomo das escalas maiores e menores ata catro alteracións cos seus correspondentes arpejos utilizando diferentes articulacións.
- Aprendizaxe e memorización da escala cromática a diferentes velocidades.
- Mostrar unha progresiva autonomía na resolución dos problemas relacionados co estudo.
- Valorar a capacidade do alumno para adaptar a afinación e precisión rítmica á dos outros músicos no seu traballo en común.
- Demostrar un sentido de convivencia e colaboración entre compañeiros.
- Adquirir unha actitude, interese e predisposición pola materia e o traballo en conxunto.
- Interpretar en público como solista ou en grupo obras representativas do seu nivel, con seguridade e control da situación.

Mínimos esixibles

Para superar o curso o alumnado terá que:

- Adquirir unha mínima calidade sonora sobre toda a testura do instrumento amosando un dominio mínimo do control do aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura e maneira que posibilite unha mellora na correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Traballo de diferentes matices.
- Práctica con metrónomo das escalas maiores e menores cos seus correspondentes arpejos ata catro alteracións utilizando diferentes articulacións.
- Aprendizaxe e memorización da escala cromática a diferentes velocidades, partindo de diferentes sons e con distintas articulacións.
- Tocar rítmicamente e co fraseo e articulación axeitada.
- Tocar unha selección de tres cancións ou pezas propostas polo profesor.
- Tocar correctamente a metade dos estudos e exercicios propostos polo profesor.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cada seu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito

que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación sería:

- Control periódico do grao de consecución dos obxectivos: realización de probas trimestrais, audicións, etc.
- Avaliaranse tódalas actividades nas que participe o alumno: clases individuais, colectivas, audicións, concertos, etc.
- Observación sistemática e directa do alumno, a verbalización (intercambio de impresións) e a escoita do que o alumno realiza nas diferentes sesións da clase (técnica e interpretación).
- Valorarase o desenvolvemento de obxectivos, aprendizaxe de contidos, así como a actitude, motivación e participación do alumno.
- A todos aqueles alumnos que superen o número permitido de faltas de asistencia sen xustificar, aplicaráselles un procedemento avaliador distinto, pois terán perdido o dereito á avaliación continua. Neste caso o profesor titor decidirá o procedemento de avaliación, (proba, audición ou exame) que considere oportuno.

Criterios de cualificación

Ponderarase da seguinte maneira para a cualificación dos alumnos:

- Nivel de cumprimento de cada un dos criterios de avaliación propostos para este curso. 30%
- Precisión técnica. 30%
- Interpretación (son, musicalidade, fraseo, interpretación) 30%
- Actitude, interese e comportamento 10%
- Os instrumentos para a avaliación son o método de observación e as fichas de rexistro do profesor.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O Alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado. O alumno poderá solicitar permiso para asistir como oínte ás clases do curso ao que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación.

O consello Escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

5.3.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como os conceptos que se van adquirindo. As actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas aos contidos que estean pendentes de recuperación. A

recuperación faise ao longo de todo o curso, reforzando as actividades naqueles puntos nos que o alumno presente maior dificultade, servindo deste modo a propia actividade como instrumento de avaliación.

Probas extraordinarias de xuño

Nos casos nos que a cualificación sexa inferior a cinco o alumno disporá doutra convocatoria no mes de xuño. Co fin de orientar aos alumnos que non superen o curso en maio, o profesor emitirá un informe cos obxetivos non acadados, e as actividades de reforzo e mellora que guíen aos alumnos que queiran facer o exame de xuño. Este exame será fixado pola dirección do centro; será convocado e comunicado coa debida antelación e consistirá nunha proba co profesor de instrumento, amosando que alcanzou os obxetivos mínimos do curso.

Para a cualificación desta proba será o 100% segundo o cumprimento da programación e da interpretación das obras, e ponderarase da seguinte maneira:

- Precisión técnica (métodos e estudos) 50%
- Interpretación (son, musicalidade, fraseo, interpretación) 50%
- Os alumnos que superen este exame terán superado o curso académico no que se atopaban.

5.3.5. Recursos didácticos

▶ Exercicios:

- Teroría y práctica de la flauta 1 Sonido. T. Wye. Ed. Mundimúsica.
- Teroría y práctica de la flauta 2 Técnica. T. Wye. Ed. Mundimúsica.
- Teroría y práctica de la flauta 3 Articulación. T. Wye. Ed. Mundimúsica.

▶ Estudos:

- Selected studies 1. Bantai-Kovacs (estudos do 30 ao 45).
- Thirthy Easy and progressive Studies for Flute, G. Gariboldi.

▶ Obras:

- La flauta clásica". Vol. II.
- "Melodie". Mihalovici.
- "Flute trios vol. I", T. Wye. Chester Music.
- "Echo", P. Hindemith, Ed. Schott.
- "Sonata en Do Maior", A. Vivaldi, Ed. CdSheet Music.
- "Cuatro piezas fáciles de E. Bozza E. Leduc.

NOTA: ademais dos métodos e obras aquí expostos, poderanse utilizar aqueles de parecida dificultade que o profesor considere oportunos.

5.4. ► CURSO: 4º DE GRAO ELEMENTAL

5.4.1. Obxectivos

- Consolidar os aspectos traballados nos cursos anteriores.
- Iniciarse no uso das dixitacións para trilos e grupetos.
- Controlar a afinación nos distintos rexistros do instrumento.
- Desenrolar a flexibilidade nos saltos, intervalos e articulacións.
- Interpretar un repertorio básico acorde ao nivel.
- Coñecer as características sonoras do instrumento e saber empregalas, dentro das esixencias do nivel
- Traballar a autonomía no estudo a través de exercicios propostos comprendendo o resultado que se pretende acadar.
- Traballar en grupos de frautas e adquirir a capacidade de tocar e escoitar aos demais para acadar un perfecto axuste, dinámica e afinación.
- Adquirir uns hábitos de traballo dentro do grupo: silencio, respecto, concentración, puntualidade...
- Facer audicións en público.

5.4.2. Contidos

- Afianzamento dos contidos adquiridos durante o terceiro curso.
- Afianzamento da embocadura. Consolidación da posición correcta da frauta e instrumentista.
- Coñecemento dos mecanismos qque interveñen na respiración diafragmática e fortalecemento da columna do aire.
- Estudo de diferentes articulacións e con distintas velocidades.
- Desenvolvemento do ámbito dinámico.
- Práctica con metrónomo de escalas maiores e menores con arpejos ata cinco alteracións.
- Práctica das escalas cromáticas empezando en distintos sons e incrementando a velocidade.
- Estudo de intervalos; segundas, terceirasmaiores e menores, cuartas e oitavas.
- Interpretación de textos musicais de memoria empregando o fraseo, articulación, dinámica, ritmo e afinación.
- Iniciación no estudo de trilos e notas de adorno.
- Práctica de lectura a vista.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces que permitan ao alumno unha maior autonomía no estudo.
- Práctica de conxunto de frautas co fin de desenrolar a afinación, axuste e precisión rítmica.
- Participación en audicións.

5.4.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Amosar un dominio mínimo do conrol do aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha mellora na correcta emisión, afinación e flexibilidade do son.

- Adquirir unha mínima calidade sonora sobre toda a tesitura do instrumento emitindo un son estable sobre cada nota dos diferentes rexistros.
- Tocar rítmicamente e co fraseo e articulación axeitados.
- Práctica con metrónomo das escalas maiores e menores ata cinco alteracións cos seus correspondentes arpejos utilizando diferentes articulacións.
- Tocar a escala cromática a diferentes velocidades e partindo de diferentes sons.
- Mostrar unha progresiva autonomía na resolución dos problemas relacionados co estudo.
- Valorar a capacidade do alumno para adaptar a afinación e precisión rítmica á dos outros músicos no seu traballo en común.
- Demostrar un sentido de convivencia e colaboración entre compañeiros.
- Adquirir unha actitude, interese e predisposición pola materia e o traballo en conxunto.
- Interpretar en público como solista ou en grupo obras representativas do seu nivel, con seguridade e control da situación.

Mínimos esixibles

Para superar o curso o alumnado terá que:

- Adquirir unha mínima calidade sonora sobre toda a testura do instrumento amosando un dominio mínimo do control do aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura e maneira que posibilite unha mellora na correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Desenvolver o ámbito dinámico.
- Práctica con metrónomo das escalas maiores e menores cos seus correspondentes arpejos ata catro alteracións utilizando diferentes articulacións.
- Aprendizaxe e memorización da escala cromática a diferentes velocidades, partindo de diferentes sons e con distintas articulacións.
- Tocar rítmicamente e co fraseo e articulación axeitada.
- Tocar unha selección de tres cancións ou pezas propostas polo profesor.
- Tocar correctamente a metade dos estudos e exercicios propostos polo profesor.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación sería:

- Control periódico do grao de consecución dos obxectivos: realización de probas trimestrais, audicións, etc.
- Avaliaranse tódalas actividades nas que participe o alumno: clases individuais, colectivas, audicións, concertos, etc.
- Observación sistemática e directa do alumno, a verbalización (intercambio de impresión) e a escoita do que o alumno realiza nas diferentes sesións da clase (técnica e interpretación).
- Valorarase o desenvolvemento de obxectivos, aprendizaxe de contidos, así como a actitude, motivación e participación do alumno.
- A todos aqueles alumnos que superen o número permitido de faltas de asistencia sen xustificar, aplicaráselles un procedemento avaliador distinto, pois terán perdido o dereito á avaliación continua. Neste caso o profesor titor decidirá o procedemento de avaliación, (proba, audición ou exame) que considere oportuno.

Criterios de cualificación

Ponderarase da seguinte maneira para a cualificación dos alumnos:

- Nivel de cumprimento de cada un dos criterios de avaliación propostos para este curso. 30%
- Precisión técnica. 30%
- Interpretación (son, musicalidade, fraseo, interpretación) 30%
- Actitude, interese e comportamento 10%
- Os instrumentos para a avaliación son o método de observación e as fichas de rexistro do profesor.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O Alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado. O alumno poderá solicitar permiso para asistir como oínte ás clases do curso ao que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación.

O consello Escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

5.4.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como os conceptos que se van adquirindo. As actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas aos contidos que estean pendentes de recuperación. A recuperación faise ao longo de todo o curso, reforzando as actividades naqueles puntos nos que o alumno presente maior dificultade, servindo deste modo a propia actividade como instrumento de avaliación.

Probas extraordinarias de xuño

